

## A TOPONIMIA NAS MONTAÑAS DO SUESTE OURENSÁN

Vicente Feijoo Ares

*Filólogo. Técnico de campo do Proxecto Toponimia de Galicia*

No sueste de Galicia, na provincia de Ourense, lindando con Portugal e Zamora, encontrámonos coa comarca Conso-Frieiras formada polos concellos de Riós, A Gudifía, A Mezquita e Vilarifío de Conso. O forte despoboamento e o abandono da actividade agrícola e gandeira fan que nesta zona a toponimia estea desaparecendo cos seus habitantes. O Proxecto Toponimia de Galicia prioriza a actuación nestas zonas polo risco de perda deste patrimonio lingüístico e cultural irrecuperable.

### 1. Toponimia e territorio

O Proxecto Toponimia de Galicia está a recoller desde o ano 2000 a toponimia desta comarca, así como a de varias aldeas do concello de Castrelo do Val e Vilardevós lindantes coa citada comarca.

Trátase de concellos montañosos, cunha orografía dificultosa xa que hai moitas serras ateigadas de matogueira e rochedo e poucas terras de labranza. Existe unha grande escaseza e dispersión dos núcleos de poboación con varios quilómetros de distancia entre uns e outros. O minifundismo extremo dificulta a explotación da terra dun xeito produtivo e a regresión demográfica é alarmante.

A densidade de toponimia non é moi elevada en relación coa ampla extensión de terreo. Isto explícase polo predominio de montes e serras onde a única actividade predominante foi o pastoreo (sobre todo nos concellos da Mezquita, A Gudifía e Vilarifío de Conso). O maior número de topónimos concéntrase arredor das aldeas onde hai máis superficie cultivable, mentres que nas montañas e serras os nomes son escasos e identifican unha grande extensión de terreo.

Na comarca de Conso-Frieiras, Riós é o concello con máis aldeas e máis terra cultivable aproveitando a existencia dunha ampla chaira no centro do seu territorio, a mesma que motivou o nome do concello (< latín ORRIOLUS co significado de val entre montañas ou val polo que corren varias concas fluviais), de aí que sexa o con-

## Vicente Feijoo Ares

cello no que máis topónimos se rexistran. No resto dos concellos, cunha orografía máis montañosa e núcleos moi concentrados redúcese considerablemente tanto a poboación coma a toponimia.

Concello	Superficie (Km <sup>2</sup> )	Nº de Parroquia	Núcleos de poboación	Núcleos < 100 hab.	Número de topónimos
Riós	114,71	8	35	27	4.200
Gudiña, A	171	8	16	12	3.600
Mezquita, A	104	9	10	3	2.800

## 2. A enquisa

Dependendo das características do terreo e do tipo de informantes, as variables máis importantes neste traballo, o *modus operandi* foi cambiante, aínda que o máis habitual e eficaz nestas zonas é a recolleita e localización do topónimo *in situ*, o entre nós chamado *sistema de pateo*.

## a) Documentación

Ademais do mapa do IXN a escala 1:25000, utilizouse en certos casos o catastro elaborado nos anos 50 para contrastar a información recollida no campo coa documentada. Noutros lugares coma en Veigas de Camba, aldea do concello de Vilariño de Conso que quedou asolagada trala construción do *Encoro das Portas*, consultouse o *catastro do Marqués de Ensenada* do ano 1753 para recuperar a toponimia da ampla veiga que quedou baixo as augas. De tódolos xeitos, hai que ter en conta que no catastro non aparecen os nomes dos montes comunais de pastoreo que nestas serras representan a maior parte do termo territorial dunha aldea ou dunha parroquia.

En determinadas aldeas do concello de Riós consultamos uns vetustos libros chamados *libros de apeo*, unha especie de inventario de terras e propietarios dunha determinada aldea. O deterioro destes documentos dificultou a súa lectura.

Por último, nos concellos da Gudiña e A Mezquita consultamos dous libros nos que aparece toponimia da zona, un deles titulado *Así falan na Gudiña*, escrito polo etnógrafo e historiador Xosé Rodríguez Cruz. Nesta publicación o autor chega a recoller topónimos desde dez anos antes da súa publicación no ano 2000. Aparecen topónimos ditos por pastores que xa morreron e que ninguén me soubo ubicar. Tamén se consultou a toponimia do libro titulado *Terra das Frieiras*, escrito polo mesmo autor xunto con Elixio Rivas Quintas.

Estas fontes permitiron contrastar os topónimos recollidos nos concellos da Gudiña e da Mezquita. Non obstante, na actual enquisa de campo recolléronse outros moitos topónimos que non aparecían nestes traballos. Disto podemos

inferir que cada vez que morre un vello con el quedan enterrados moitos topónimos; do mesmo xeito que cantos máis informantes sexan enquisados, maior será o volume de información. Consecuentemente, estamos ante un proceso que nunca remata, porque un novo informante posiblemente sempre vai achegar un novo dato.

#### b) Os informantes

Foron distintas as técnicas empregadas para contactar cos informantes no concello de Riós e nos outros dous concellos.

En Riós, os informantes foron buscados de modo azaroso, en tanto que nos concellos da Gudíña e A Mezquita, a implicación no proxecto da administración local facilitou o contacto cos informantes mediante o envío de bandos ás aldeas para informar ós veciños da intención e os obxectivos do Proxecto Toponimia de Galicia. Os pedáneos de cada aldea eran os encargados de buscar os mellores informantes pedíndolle a máxima colaboración co enquisador para o éxito do traballo, actuación que redundaría no beneficio de todos.

Nestes lugares das serras practicamente só hai xente de avanzada idade, que por outra parte son os informantes máis válidos, posto que só eles coñecen os nomes dos agrestes montes polos que andaron parte da súa vida cos rabaños de cabras e ovellas, aquí chamados *magotes de res*. Só eles saben os nomes de *fragas* (pedras, penedos), *fontelas*, *sestís* (lugares no monte onde seesteaban ó mediodía coa res)...

De modo que, se no concello de Riós había un amplo abano de informantes, debido a que aínda hai moita xente adulta dedicada á agricultura e á gandería, que posúen un perfecto coñecemento do territorio e dos nomes que o identifican e son quen de localizalos na fotografía aérea; nos concellos da Gudíña e da Mezquita, houbo que limitarse a buscar os máis vellos do lugar que estivesen en boas condicións físicas para desprazarse polo monte ante a imposibilidade destes para localizar e identificar as paraxes na foto aérea.

#### c) Aspectos específicos da enquisa

Na maior parte das aldeas do concello de Riós as enquisas foron estáticas, pois había xente nova e adulta que traballa no campo localizaban perfectamente na foto aérea os topónimos que os máis vellos do lugar lles nomeaban. Naquelas outras aldeas onde só había vellos ou que estaban case deshabitadas, facíase a recolleita *in situ* pateando con eles polos camiños ou levándoos a un lugar alto desde onde divisar o terreo. Noutras ocasións, tras un previo estudo do terreo por parte do enquisador e dunha análise exhaustiva das referencias xeográficas (camiños, tipo de vexetación, cultivos...) faos guiando pola foto, dándolles as referencias e explicacións necesarias para que se fixesen unha imaxe mental de onde estabamos marcando na foto.

Vicente Feijoo Ares

Nos concellos da Gudiña e da Mezquita, os únicos informantes válidos son os vellos pastores e agricultores que coñecen á perfección os montes. O problema destes informantes é que non interpretan a foto, polo que hai que facer a recolleita percorrendo o terreo e os montes. Outra dificultade engadida foi a lonxeza idade (estamos falando de 70 a 90 anos), moitos deles non están en condicións físicas para camiñar por zonas nas que xa non quedan camiños ou están intransitables. Polo tanto, o gran problema nestes dous concellos foi a dificultosa accesibilidade ós montes con este tipo de informantes e a localización de topónimos moi puntuais en fotos nas que apenas hai referencias por saíren representadas nelas un territorio montañoso moi uniforme ategado de inmensos rochedos.

#### d) Contraste da información

O contraste da información prodúcese no momento da recolleita co grupo de informantes e *a posteriori*, unha vez que regresamos á aldea, con outros informantes.

As enquisas, en tódolos concellos sempre foron realizadas cun grupo de informantes (entre 3 e 8 ó mesmo tempo), dado que é a mellor maneira de contrastar a información, tanto das distintas realizacións fonéticas dun mesmo nome, coma da súa localización respecto do maior ou menor espazo que abrangue.

Do contraste da toponimia recolleita de forma oral en *Veigas de Camba* (Concello de Vilariño de Conso) coa documentada no Catastro do Marqués de Ensenada, observamos a perda duns 30 topónimos da memoria dos veciños desta aldea en 200 anos de salto temporal.

Através do contraste documental tamén se pode apreciar a deturpación de moitos topónimos na súa transmisión oral como veremos no seguinte apartado.

### 3. Caracterización lingüística da zona.

A Comarca Conso-Frieiras queda dividida lingüisticamente falando en dous bloques: o central, ó que pertence a maior parte do concello de Riós e o oriental, ó que pertencen por enteiro os tres concellos restantes: A Gudiña, A Mezquita e Vilariño de Conso.

Polo tanto, nos topónimos que rematan en singular en -n ou -l atopámonos con varias realizacións no seu plural dependendo da zona. Se na maior parte do concello de Riós o plural de topónimos tan comúns coma *O Poulón*, *O Tóxal*, *O Nabal*... é *Os Poulós*, *Os Tóxals* e *Os Nabás*, no resto dos concellos da Comarca temos *Os Poulóis*, *Os Tóxais* e *Os Nabais*. Estamos falando a nivel xeral, sempre hai pequenas excepcións coma no sur do concello de Riós e as aldeas recollidas de Vilardevós onde existe o plural -ns: *Os Poulóns*.

En gran parte do concello de Riós existe a gheada, polo que a maioría dos topónimos que teñen un -g- son pronunciados con gheada polos máis vellos, observán-

*A toponimia nas montañas do sueste ourensán*

dose unha regresión e unha autocorrección do fenómeno nos adultos e novos. No Concello da Gudiña, A Mezquita e a maior parte de Vilaríño de Conso non se rexistra este fenómeno da gheada, en xeral, nin na toponimia nin na fala común, aínda que sempre pode haber excepcións moi puntuais en zonas limítrofes.

A metafonía nominal non actúa de igual forma dun concello a outro, xa que no concello de Riós din *O Tóxo* (tónica aberta), *Valmedo* (tónica pechada), *Valcovo* (tónica aberta)... e nos concellos da Gudiña e A Mezquita din *O Tóxo* (pechada), *Valmedo* (aberta), *Valcovo* (pechada)...

Nas aldeas que lindan con Portugal rexístranse pronuncias de topónimos con algunhas vogais nasalizadas –*O Lombeiro do Patín*– ou un sistema de sibilantes que contempla a prepalatal sonora en topónimos como *A Fonte Debaxo* ou *A Xacinta* en Manzalvos.

O rotacismo é un fenómeno xeneralizado en tódolos concellos tanto no interior do topónimo, *O Re[R]baradeiro* (A Mezquita) coma en fonética sintáctica *A[R] Mestias* (Barxa), *A[R] Viñods* (Herosa)...

Outro fenómeno xeneralizado na toponimia da montaña do sueste ourensán é a pronuncia con timbre aberto do artigo determinado que acompaña a moitos topónimos tanto en singular coma en plural. Por exemplo: *Ó Soutiño*, *As Fontiñas*, *Á Salgueira*... Segundo a Comisión de Toponimia parece tratarse da preposición AD do latín con valor locativo 'xunto a': *xunto O Soutiño*, *xunto As Fontiñas*, *xunto A Salgueira*... Pode darse o caso de que un mesmo informante, ás veces pronuncie o artigo dun topónimo con timbre aberto e outras veces non. Incluso aparece este «a» preposición con nomes de antigos posesores rematados en singular: *A Sabarigo*, *A Santiago*... Unha proba de que estamos ante a preposición A acompañando ó artigo é que algúns destes nomes aparecen escritos no Catastro do 56 ou no do Marqués de Ensenada (1752) como *Al Soutiño*, *Al Outeyro*, *à salgueira*...

Na toponimia recolleita nestes concellos son moi comúns todos aqueles fenómenos que afectan ó vocalismo átono. Por exemplo: a sincopa en topónimos coma *A Preira* ou *A Vrea*; harmonizacións: *O Pireiro*, *O Rigueiro*... Aparecen -g- epentéticos en topónimos como *O Fontago* (O Canizo), *O Plantigo* (O Pereiro) ou *Fri[gh]jeirachá* (Cortegada) ...

Son comúns os topónimos que presentan un desprazamento acentual no hiato -oa procedente do latín -OLA pasando a -oa: *Mañoás*, *Candeiroá*, *Cabreiroá*, *Arzod*, *As Viñods*...

Estas variacións no vocalismo átono fan que haxa moito topónimo deturpado que ó longo dos anos variou moito a forma orixinaria na transmisión por vía oral de xeración en xeración. Pero non só nas vogais átonas que son as máis débiles, senón nas tónicas e nas consoantes. Así, consultando no Catastro do Marqués de Ensenada algúns topónimos puiden comprobar dita variación e deturpación. Por exemplo, en Pedroso (Riós) hai un topónimo que actualmente pronuncian *O Lisome*, e no Catastro de Ensenada, máis de 200 anos atrás, aparece documentado como *O Lobishome*. En San Cristovo (Riós) recolleuse o topónimo *A Sardabrea*, e no CME aparece como *A Seara da Vereá*. Na Vilavella aparece a *Madavella* que era unha ori-

Vicente Feijoo Ares

xinara *Mallada Vella*, o mesmo que en Herosa *A Malla da Cal* que era unha orixinaria *Mallada da Cal*.

Existen problemas de interpretación en certos topónimos nos que se pode rexistrar ata oito pronuncias diferentes dependendo do informante. Un claro exemplo disto é un topónimo recollido oralmente en San Pedro de Travesera (Riós). Pronunciado como: *Bordecado*, *Burdecado*, *Burdacado*, *Burbucado*, *Bordazelo*, *Berducado*... Despois de enquisar a dez informantes seguía sen haber consenso maioritario nunha soa forma. Neste caso a forma normativizada será *Verducado*. Noutros casos, como en Pentas (A Gudíña) a metade dos informantes enquisados chamábanlle a un lugar *O Val das Xiadas* e a outra metade *O Val das Siaras*., ámbolos dous seon posibles e correctos pero significarían cousas distintas. Noutras aldeas, polas que pasan as isoglosas que dividen fenómenos lingüísticos tamén presentan a súa problemática, xa que por exemplo, en Rubiós (Riós), a metade dos enquisados di *Amatóns e Costóns* e outra metade *Amatós e Costás*. No Navallo (Riós) e Parada da Serra (A Gudíña), un mesmo informante unhas veces di *Os Nabais* e outras *Os Nabás*.

A miúdo prodúcense confusións entre graffas por equivalencias acústicas, así, uns informantes pronuncian *O Corgo* e outros *O Corvo*, uns *O Namazal* e outros *O Lamazal*, uns *Estivadas* e outros *Esquivadas*...

Non é doado tampouco, en topónimos coma *O Romeo*, *Os Chaos*... distinguir se din *Romeu* ou *Romeo* e *Chaos* ou *Chaus*, se pronuncian o ditongo ou o hiato. Do mesmo xeito que tampouco é fácil en topónimos opacos coma *Otana* ou *Omerito* saber se ese <o> é artigo ou forma parte do lexema do topónimo.

#### 4. Xenéricos

Hai unha riqueza e variedade moi grande de nomes xenéricos, non xa entre concellos, senón dunhas aldeas a outras. Aquí simplemente citarei os máis significativos.

O primeiro, por ser case exclusivo do Concello de Riós e non usarse practicamente no resto de Galicia, ou polo menos non temos constancia do seu uso xeneralizado na fala viva, trátase do xenérico *cañada*, aplicado a unha 'depresión do terreo chaira na que hai leiras ou prados', sería o equivalente a unha valgada. O seu uso é xeral en practicamente tódalas aldeas do Concello de Riós e é coñecido en concellos como Vilardevós e A Gudíña aínda que apenas se emprega. Tamén hai moitos exemplos deste xenérico fosilizado en topónimos coma *A Cañada do Caballero* (Fumaces), *A Cañada Grande* (San Paio)...

Para referirnos a esta mesma realidade orográfica, é dicir, a unha depresión do terreo, temos nos tres concellos unha rica variedade de xenéricos distintas. Acabamos de ver que no Riós é *cañada*, pero cando a depresión é moi profunda é un *cavanco* ou *cavanca* e *corgo* ou *corga* no norte do concello.

No concello da Gudíña, temos *valada* como case exclusivo da aldea da Gudíña (din os vellos que *a Gudíña ten tantas valadas como días o ano*); temos *corgo* e *corga* cara ó oeste do concello como maioritarios; *cavaxe* sobre todo no Canizo, coas variantes *cavaixe*, *cavaixa*, *cavaixo* por todo o concello.

*A toponimia nas montañas do sueste ourensán*

No concello da Mezquita tamén rexistramos, *cavancos*, *cavancas*, *cavaxes* e *cavaixes* pero sobre todo *cavorcos* e *cavorcas* coas variantes *cavoco* e *cavoca* lindando con Portugal.

Especial mención merece o caso dos xenéricos *corgo* e *corga* que teñen distintas acepcións dependendo da aldea. En Parada da Serra, Herosa, Veiga de Nostre... dín que un *corgo* é unha depresión grande do terreo pola que baixa un regueiro de auga e *corga* o mesmo, pero de menores dimensións. Pero, no Concello de Vilaríño de Conso, as xentes dín que *corgo* e *corga* son prados con abundante auga de regadío. Noutras zonas de Galicia estes xenéricos teñen outras acepcións distintas, como por exemplo en Sarria (Lugo), onde un *corgo* ou *corga* é un camiño estreito e malo.

Os xenéricos máis comúns para referirse a elevacións do terreo son *lombeiro*, *cabeza* e *cabezo* cando a elevación é de forma cónica, *lombo* cando é alongada e *lomba* cando é alongada pero define unha extensión moi grande. No concello da Mezquita é común que lles chamen ás agrupacións de pedras formando lombeiros *picotos* ou *castelos*. Pero nos outros concellos non se usan estes dous xenéricos, é máis, o topónimo O Castelo identifica lugares onde hai restos de antigos castros.

No relativo ós usos da terra hai que destacar o xenérico *faceira* que é un conxunto de leiras sementadas todas *á mesma folla*, do mesmo produto e sen sebes entre leira e leira. Son comúns a tódolos concellos recollidos os xenéricos *leira*, *cortiña*, *eido*, *prado*, *poula*, *rega*, *lama*...

Respecto ós camiños, outra vez podemos trazar varias isoglosas dependendo da forma empregada na zona para referirse a unha mesma realidade. Por exemplo, en case todo o concello de Riós, a un camiño estreito que discorre entre muros de pedra ou barreiras altas chámanlle *canella*. En todo o concello da Gudiña e parte do da Mezquita chámanlle *callella* e nas aldeas do Concello da Mezquita que lindan con Zamora, aldeas como Castromil, Santigoso, A Canda... chámanlle *canada*.

A abundancia de *regueiros* e *fontelas* dá lugar a que existan moitos *portos* de río e *pontes* por onde cruzalos cos carros de vacas; moitos *pontóns* de madeira e lastras de pedra ou *poldras* espetadas de canto no regueiro ou río para cruzáreno as persoas a pé. Tamén é común o xenérico *cenza* para designar unha fervenza no curso de auga dun regueiro ou río. Algúns destes xenéricos quedaron fixados como topónimos que identifican unha zona determinada.

Debido á actividade pastoril desempeñada ó longo dos anos nestas serras dos concellos da Mezquita e A Gudiña, existen dous nomes xenéricos para designar os lugares onde se xuntaba o gando. Por un lado está o *sestíl*, onde seстеaban as ovellas e cabras ó mediodía a carón dunha fonte e á sombra dalgunha árbore e onde se xuntaban pastores de varias aldeas a come-la merenda e contar contos. Por outro, estaban as *malladas* onde pastoreaban coas *vacadas*. Destas malladas temos constancia porque quedaron fixadas na toponimia, posto que é un xenérico que se perdeu da fala viva excepto nalgunhas aldeas de Vilaríño de Conso.

Por último, un xenérico moi común, esta vez en toda a comarca, é *fraga*, que tendo na maior parte de Galicia e no Dicionario da Real Academia Galega o significado de bosque ou carballeira, aquí aplícase única e exclusivamente a penedos e

Vicente Feijoo Ares

---

pedras que xeran unha cantidade inxente de topónimos sobre todo nas serras onde abundan as fragas de grandes dimensións. Segundo o profesor Gonzalo Navaza, a acepción orixinaria de fraga debeu ser precisamente esta de pedra e a de carballeira foi posterior. Son moitas as motivacións que levaron ós pastores a poñerlles nome ás fragas : desde a súa forma-aspecto (*A Fraga Redonda, A Fraga da Escaleira*) ; os animais que habitaron nelas (*A Fraga da Raposa, A Fraga dos Corvos*); feitos históricos (*A Fraga da Vela* desde onde vixiaban a raia con Portugal); lendarios (*A Fraga da Moura*); os sons que producían (*A Fraga do Tambor, A Fraga do Tintidoiro*)... Hai que sinalar que relacionado coas pedras tamén é moi común o xenérico *pala* que designa fragas ou penedas que deixan unha cova por debaixo servindo de refuxio de feras, pastores, ladróns... Así temos nomes coma *A Pala da Osa* (que denota a existencia de osos noutros tempos por estes lugares), *A Pala dos Lobos, A Pala dos Ladrois*...